
Comunicacións

- Actualizado (30.12.2005)

- Correo-e

- Aloxamento web

- FTP

A comunidade científica galega usa a rede para satisfacer as súas necesidades en canto á transmisión de datos, videoconferencia, telefonía IP, tele-ensino, vídeo baixo demanda ou o uso de aplicacións gráficas interactivas.

Ademais de interconectar os centros de investigación en Galicia, RECETGA facilítalles acceso a todos os recursos e servizos dispoñibles a través de RedIRIS e Internet, xa que o CESGA é o nodo de RedIRIS en Galicia. A rede tamén lles permite aos investigadores conectarse en remoto aos recursos do CESGA nos campos da supercomputación, a visualización científica, a animación e o tele-ensino. As universidades galegas fan uso da rede co fin de optimizar a súa xestión.

Un dos servizos que se veñen prestando ás universidades é a interconexión dos campus de cada universidade a través de circuitos virtuais permanentes que son empregados para enlazar as centralíñas de telefonía o que supón un grande aforro ao permitir intercambiar entre os campus chamadas de telefonía sen custo. O CESGA estuda a posibilidade de difundir a transmisión de voz a outros centros de investigación utilizando tecnoloxías de VoIP (Voz sobre IP) e VoATM (Voz sobre ATM).

Constantemente, novos servizos son engadidos á oferta de RECETGA. Nun futuro próximo os usuarios terán acceso á "Rede de Bibliotecas das Universidades de Galicia" a través da RECETGA. Desde o CESGA entendemos que o criterio fundamental que debe guiar o crecemento da rede é a calidade de servizos (QoS), un criterio inherente á tecnoloxía ATM. Non é suficiente que as liñas sexan rápidas, senón que é necesario que sexan estables e garantan a continuidade do servizo.

O CESGA inviste en proxectos orientados a fortalecer a infraestrutura existente así como a melloralas establecendo novas conexións entre os nodos principais utilizando fibra óptica o que permitirá manter un alto nivel de redundancia, e conseguir nun futuro próximo, velocidades na troncal por riba dos 2,5 Gbps.